



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO E A ASOCIACIÓN EUROPEA DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO PARA A XESTIÓN DO ALBERGUE DE PEREGRINOS "VIRXE PEREGRINA" DE PONTEVEDRA

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, a **S.A. de Xestión do Plan Xacobeo**, e no seu nome e representación, Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura e Turismo, en calidade de presidente do Consello de Administración, e en virtude das competencias atribuídas no artigo 23 dos Estatutos da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, cuxa modificación autorizou o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 7 de marzo de 2019, por proposta do conselleiro de Facenda (DOG núm. 115, do 19 de xuño de 2019).

E doutra parte, a **Asociación Europea dos Camiños de Santiago**, con NIF G-94048717, e domiciliado na Rúa Alta,10, 36002 Pontevedra, e no seu nome e representación, en calidade de presidente Celestino Lores Rosal.

As partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar o presente convenio de colaboración, e na súa virtude

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Camiño de Santiago, declarado Patrimonio Mundial e/ou itinerario Cultural Europeo, está a experimentar nos últimos anos un importante desenvolvemento





que atrae cada ano a un elevado número de peregrinos. Xunto á súa relevancia como itinerario espiritual e cultural unido aos valores patrimoniais e paisaxísticos asociados ao mesmo, o Camiño de Santiago contribúe notablemente ao desenvolvemento económico e social dos municipios por onde discorre e constitúe un elemento identificador de Galicia no exterior. Un dos principais valores que identifica á peregrinación xacobeá é a hospitalidade aos peregrinos, o que recolle o Plan Director e Estratéxico do Camiño de Santiago 2015-2021, aprobado pola Xunta de Galicia. Para desenvolver esta acollida e hospitalidade a Xunta de Galicia posúe unha rede pública de albergues de peregrinos, á que pertence este albergue de peregrinos, sendo titular desta rede a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo segundo o artigo 2 dos seus estatutos.

Segundo.- Que a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo é propietaria dun inmovible sito fronte á rúa Ramón Otero Pedrayo, en Pontevedra, destinado a albergue de peregrinos, e incluído na Rede pública de albergues da Xunta de Galicia.

Terceiro.- Que a Asociación Europea dos Camiños de Santiago (AECS) está inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Consellería de Presidencia e Administracións Públicas da Xunta de Galicia co número 2011/015537 é unha asociación cultural, ao amparo da LO 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e normas concordantes e as que en cada momento lle sexan aplicables polos Estatutos vixentes, que se constitúe cun marcado espírito europeísta na que se promoverán os valores da convivencia, a solidariedade e a tolerancia, símbolos europeos dos Camiños de Santiago.

A Asociación ten por obxecto, a revitalización, impulsión, recuperación, sostemento, promoción e divulgación dos Camiños de Santiago, e a satisfacción das necesidades físicas, morais e culturais dos/as peregrinos/as que a Asociación determine con arranxo aos Estatutos.





Dentro do seu obxecto fundacional entre os seus fins atópase o impulso a creación de albergues, así como atender a súa xestión, coidado e funcionamento.

Cuarto.- Que o 2 de xaneiro de 2012 asinouse un convenio entre ambas entidades para a xestión do albergue de peregrinos de Pontevedra, no que a Fundación Camiño de Santiago faise cargo da súa xestión. O citado convenio establecía unha vixencia de 5 anos.

O 20 de febreiro de 2014, o presidente da Asociación Europea dos Camiños de Santiago dirixiu unha solicitude á SA de Xestión do Plan Xacobeo, indicando que dado que a Fundación Camiño de Santiago está nun proceso de disolución, acordou solicitar á Asociación Europea dos Camiños de Santiago para que asuma a xestión do albergue de peregrinos "Virxe Peregrina" de Pontevedra, para que se firmase un novo convenio con esta Asociación.

Actualmente dito acordo xa non está vixente, facéndose necesaria a sinatura dun novo acordo nas que se dea continuidade a xestión do albergue de peregrinos de Pontevedra, coa Asociación Europea dos Camiños de Santiago, dado o proceso de disolución no que se atopa a Fundación Camiño de Santiago.

Polo exposto, ambas partes asinantes acordan subscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

Constitúe o obxecto deste convenio regular a xestión do albergue de peregrinos "Virxe Peregrina" de Pontevedra, incluído na Rede pública de albergues da Xunta de Galicia, sito fronte á rúa Ramón Otero Pedrayo, que sendo titularidade da S.A. de Xestión do





Plan Xacobeo en virtude deste acordo será xestionado pola Asociación Europea dos Camiños de Santiago.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

1.- A S.A de Xestión do Plan Xacobeo, en calidade de propietaria do albergue, terá ao seu cargo todos os gastos que na súa condición de titular lle correspondan.

2.- A Asociación Europea dos Camiños de Santiago (AECS), farase cargo de todos os gastos de conservación, mantemento e funcionamento do albergue reseñado.

Así mesmo, farase cargo do persoal para atención e cobro ao peregrino que será do seu cargo.

Este persoal serán socios da Asociación Europea dos Camiños de Santiago (AECS) ou/e da Asociación de Amigos e Amigas do Camiño Portugués a Santiago, terá carácter voluntario e non percibirá ningunha contraprestación económica polo seu traballo. En todo caso, este persoal voluntario deberá no desempeño de tales tarefas contar con supervisión da Asociación.

4.-A Asociación Europea dos Camiños de Santiago (AECS) asumirá o custe da limpeza e material de baño e produtos de limpeza, así como o custe da limpeza e arranxo das partes externas do albergue, incluídos os xardíns así como o custo do material necesario para o súa correcta conservación e mantemento.

TERCEIRA.- PREZOS POLA ESTANCIA NOS ALBERGUES DE PEREGRINOS





Para o financiamento dos gastos derivados do funcionamento do albergue a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo establece un prezo para a utilización dos albergues en toda a Rede da súa titularidade.

A Asociación Europea dos Camiños de Santiago (AECS) comprométese á venda dos bonos proporcionados pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo para a utilización do albergue polos peregrinos. Ingresará o resultado da recadación obtida na conta designada pola S.A. de Xestión.

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo abonará o total da recadación obtida no devandito albergue á Asociación Europea dos Camiños de Santiago (AECS) para contribuír aos gastos asumidos en virtude do presente convenio.

No caso de que o total da recadación anual non cubra o importe dos gastos que en virtude da cláusula segunda deste convenio afrontou a Asociación no ano correspondente, esta expedirá unha factura á S.A. de Xestión do Plan Xacobeo polo importe que exceda da citada recadación, xustificando ante a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo os gastos nos que se incorreu. Esta factura deberá presentarse nos tres primeiros meses do ano seguinte á anualidade a que se refira.

Así mesmo, cando a recadación anual supere os gastos da Asociación nese ano, esta deberá ingresar a diferenza na conta que designe a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, o que se fará nos tres primeiros meses do ano seguinte ao de referencia.

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo reservase o dereito a modificar o prezo establecido para a utilización dos albergues.

CUARTA.- INSTRUCCIÓNS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO





A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo fixará os termos necesarios mediante os que se rexerá a organización e funcionamento do albergue, comunicándolle á Asociación Europea dos Camiños de Santiago (AECS) as instrucións precisas para levalo a cabo.

QUINTA.- DESTINOS DO ALBERGUE

Para lograr unha óptima utilización do albergue, e sempre que non interfira o destino principal de acollida de peregrinos, a Asociación poderá realizar actividades que teñan relación co Camiño de Santiago e a cultura xacobeá ou calquera outra actividade que redunde nos intereses xerais dos veciños e dos peregrinos.

En calquera caso e para o seu coñecemento e autorización a Asociación Europea dos Camiños de Santiago (AECS) deberá comunicalo á S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

En ningún momento poderá destinarse o albergue para fins distintos dos de interese social ou utilidade pública para o que foi creado.

SEXTA.- SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

A Asociación Europea dos Camiños de Santiago (AECS) deberá ter subscrito un Seguro de Responsabilidade Civil para cubrir os danos a terceiros, así como os danos materiais que se poidan ocasionar no albergue.

SÉTIMA.- DEREITOS SOBRE O ALBERGUE E INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non afecta á titularidade do albergue, que ostenta a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, e non supón ningunha deixación de dereitos respecto á titularidade que ostenta a SA de Xestión do Plan Xacobeo do albergue e non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a esta S.A. e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do





mesmo, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado pola Asociación Europea dos Camiños de Santiago (AECS) e por un representante designado pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

A súa actuación axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

NOVENA.-MODIFICACIÓN DO CONVENIO

O presente convenio só poderá modificarse co acordo unánime dos asinantes.

DÉCIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento por parte da Asociación Europea dos Camiños de Santiago (AECS) das cláusulas reflectidas no mesmo, e especialmente as seguintes:

- 1.- Non seguir os criterios de organización e funcionamento do albergue establecidos pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.
- 2.- Destinar o albergue a fins distintos dos de interese social ou utilidade pública para o que foi creado, segundo o disposto na cláusula cuarta.





3.- Non realizar o mantemento e conservación do albergue, non sendo necesario o requirimento previo pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

- O transcurso do prazo de vixencia e no seu caso da prórroga acordada.
- O acordo unánime dos asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes.

DÉCIMO PRIMEIRA.- VIXENCIA

O presente convenio terá unha vixencia de dez anos a contar desde a sinatura do mesmo, podendo ser prorrogado por un prazo igual de tempo.

DÉCIMO SEGUNDA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Seránlle de aplicación as normas de dereito privado, así como toda a normativa sectorial aplicable.

A Xurisdición aplicable para a resolución das cuestións litixiosas que poidan xurdir será a xurisdición civil.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE DO CONVENIO

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.





Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

A Asociación Europea dos Camiños de Santiago (AECS) autoriza a publicidade dos datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

E, en proba de conformidade ámbalas partes asinan o presente Convenio por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

POLA S.A. DE XESTIÓN DO PLAN POLA ASOCIACIÓN EUROPEA DOS
XACOBEO CAMIÑOS DE SANTIAGO

Román Rodríguez González

Celestino Lores Rosal



